

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través da súa vicevoceira e a iniciativa do seu deputado Juan M. Fajardo Recouso, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao saneamento integral da ría do Burgo.

Exposición de motivos

Numerosos colectivos da sociedade coruñesa levan anos demandando unha solución definitiva a situación na que se atopa a ría do Burgo, afectada pola contaminación procedente de grandes industrias do entorno, as deficiencias do saneamento de moitos concellos da contorna, pero sobre todo pola deixadez dunhas administracións autonómica e estatal que dilatan no tempo as inversións necesarias para acabar con esta situación.

A ría do Burgo en un valor económico e mediambiental fundamental para o conxunto do entorno, os mais afectados por esta situación son os mariscadores e mariscadoras, que sofren un continuo goteo de perdas de postos de traballo e os que aínda perduran con enormes dificultades para acadar un ingresos mínimos dignos que permitan manter as súas familias.

A pesar das promesas, e dos diferentes foros creados para solventar a situación, a realidade a día de hoxe é que continúan os verquidos, a presenza de hidrocarburos e os peches e situación de contaminación son xa insostibles, se a isto engadimos a situación de furtivismo asistimos a “tormenta perfecta” contra a sostenibilidade da ría e da súa produción.

Esta situación pode estenderse ademais a outros sectores económicos e produtivos pois a ría é un atractivo turístico e social que agoniza ante a deixadez das administracións responsábeis.

Polo exposto formulamos a seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O parlamento Galego insta a Xunta a:

- * Realizar as xestións necesarias diante do Goberno Central co obxectivo de facer efectivos as inversión suficientes para iniciar de inmediato un calendario de actuacións, con prazos reais, que permita a rexeneración da ría, a recuperación dos bancos marisqueiros e a realización do necesario e prometido dragado.
- * Incorporar os fondos propios necesarios para facer posible as demandas do punta anterior.
- * Realizar de inmediato un proceso de saneamento integral da ría do Burgo.

En Compostela, a 16 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/11/2015 10:10:28

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/11/2015 10:10:31